



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 22 DE AGOSTO DO 2019.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro	Interventor.: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos
--	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e dous de agosto do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA"**, de datas 09/01/2019 e 13/06/2019 (Rexistros de entrada nº 324 e 8.388), nos que solicita licenza de obras para reforma e ampliación de local comercial existente destinado a centro asistencial, en parcela con refª catastral nº 0515210NH0101N0004EJ sito na Rúa Abesadas nº 11, Baixo, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 6 de agosto de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga o día 16 de agosto de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/07/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á **ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA"** **LICENZA DE OBRAS (Nº 25/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE LOCAL COMERCIAL EXISTENTE DESTINADO A CENTRO ASISTENCIAL**, en parcela con refª catastral nº 0515210NH0101N0004EJ sito na Rúa Abesadas nº 11, Baixo, Riveira, nos termos do Proxecto de reforma e ampliación de baixo como centro asistencial existente con sinatura dixital de 31 de maio de 2019, Estudo de xestión de residuos de decembro de 2018, redactados polo Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto Técnico** co **preceptivo visado colexial**.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co **preceptivo visado colexial**.*

SEGUNDO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.





TERCEIRO.- Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio de actividade** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar asimesmo:

- A documentación técnica conterá **Certificado Final de Obra**, así como a xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra
- De conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo, deberá dispoñer con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo Anexo.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do





9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Eva María Mariño Parada**, de datas 03/08/2017 e 10/06/2019 (Rexistros de entrada nº 12.986 e 8.081), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, na Avda da Paz s/n, Figueirido, Palmeira, Riveira, en parcela catastrada con dúas ref^{as} parte urbana 15074A838000840001XP e parte rústica 15074A838000840000ZO.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital favorable o día 21 de marzo de 2019 e visto o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Sra.Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital favorable o día 25 de xuño de 2019 vista a resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada digitalmente o día 20 de agosto de 2019 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Eva María Mariño Parada **LICENZA DE OBRAS (Nº 26/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Avda da Paz s/n, Figueirido, Palmeira, Riveira, en parcela catastrada con dúas refas parte urbana 15074A838000840001XP e parte rústica 15074A838000840000ZO, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de día 28 de xullo de 2017, Plano U01 de situación e emprazamento de xuño de 2019 redactados polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 77,00 m²**.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de*





servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as





augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José M^a Gude Paz polos danos e lesións sufridos por mor dunha caída na vía pública. Expediente RP/8/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José M^a Gude Paz**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 21 de setembro de 2017, D. José M^a Gude Paz, con DNI número 33.224.497-P, ía camiñando pola Praza de España, cando, no tramo da beirarrúa que conecta a citada Praza coa Rúa de Galicia, esvarou nunha tapa metálica existente na zona pola que transitaba, caendo ao chan rúa.

Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Gude Paz tivo que ser atendido no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha fractura conminuta de rotula esquerda, pola que tivo que sufrir tratamento cirúrxico.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/05/2018 co número 6.629, D. José M^a Gude Paz, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polas lesións sufridas pola mencionada caída.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/10/2018, co número 14.772, refire que solicita unha indemnización total de 22.000 euros, cantidade que non presenta desglosada.

Cos referidos escritos, achega a seguinte documentación: copia simple do informe emitido na data 21/09/2017 pola Policía local; copia simple de informes médicos e de consentimentos informados; copia simple da folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera; e copias simples de diversas citas médicas no Hospital da Barbanza.

Na data 18/10/2018 (Rex. Entrada nº 15.036), presenta outro escrito co que achega copia simple de informe médico emitido na data 17/10/2018 polo Doutor Antonio José Ruotolo Grau, do Hospital da Barbanza, así como a solicitude de revisión na consulta de traumatoloxía.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe remitido na data 12/07/2018 pola Policía local.
- Informe emitido na data 14/01/2019 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/02/2019 co número 2.433, así como escrito de alegacións da entidade aseguradora Mapfre, realizadas en escrito de data 01/02/2019.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 20/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/09/2019 09:37:19





producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. José M^a Gude Paz para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 21/09/2017 cando camiñada pola Praza de España, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas polo Sr. Gude Paz. Así se deduce dos partes médicos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto o reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa pola que transitaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira, no seu informe emitido na data 11/07/2018, solicitado na instrución do expediente, dispón: *“(…) Que el día de la fecha del accidente en la zona el piso estaba mojado ya que había llovido y por las manifestaciones realizadas por los viandantes testigos y el propio peatón herido, la caída se produjo al resbalar en una tapa metálica de un registro, situada en la acera en pendiente de la esquina que comunica la Plaza de España con la Rúa de Galicia, sin que se conozca que haya influído algún otro agente externo que se conozca, que no fuese que el piso estaba mojado y no hay buena adherencia al pisar.”*
- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente, e respecto ao estado da rúa na data na que tivo lugar a caída dispónse o seguinte: *“(…) En el departamento de obras públicas del Ayuntamiento de Riveira se tuvo conocimiento de los daños por los que se reclama, con la presentación por parte del Sr. Gude Paz de su reclamación el día 04/05/2018, pero no se ha tenido conocimiento del accidente el día en el que este sucedió. Así, con motivo de la citada reclamación, en fecha 05/07/2018 se ha procedido, por parte de la oficina técnica del departamento de obras, a inspeccionar el lugar donde el reclamante dice haber caído, tomándose varias fotografías que se adjuntan a este informe. Tal y como se puede observar en las mismas, el lugar de la caída (bajada de la Plaza de España hacia rúa de Galicia), va en pendiente descendente, aunque no es una pendiente excesiva, existiendo una barandilla del lado izquierdo según se baja hacia la rúa de Galicia. El pavimento es de piedra abujardada, es decir, rugosa, que es el tipo de piedra*





que suele colocarse para evitar resbalones. Respecto a las tapas de los registros, en dicha bajada existen dos. Una corresponde a "Telefónica" y otra a la entidad "R", como ya se ha indicado. Ambas son tapas de chapa de acero estriada, también con el fin de evitar resbalones, y cumplen con la reglamentación vigente: UNE-EN 124, sobre "Dispositivos de cubrimiento y de cierre para zonas de circulación utilizadas por peatones y vehículos". Se encuentran en buen estado de conservación y no presentan ningún resalte respecto de la rasante de la calle, siendo las mismas en el día del accidente que unos meses más tarde que es cuando se tomaron las fotografías. Se desprende del reportaje fotográfico un normal estado de conservación de la zona peatonal, sin irregularidades ni anomalías en el pavimento ni en las tapas de los registros, ni indicios de que los pudiera haber habido en la fecha del accidente, ya que no se observan signos de reparación de ningún tipo. Por todo lo expuesto, se discrepa de lo referido en el informe policial que consta en el expediente, no considerándose la zona en absoluto peligrosa para los viandantes, que deberán procurar deambular de una manera diligente, sobre todo ante factores climatológicos adversos, tales como la lluvia, y el efecto que los mismos puedan provocar sobre el suelo mojado. En el departamento de obras públicas no constan quejas de accidentes similares en la zona, y consultado el departamento de secretaría tampoco se tiene constancia de otras reclamaciones de responsabilidad patrimonial presentadas por accidentes en el citado lugar. No se tiene nada más que decir al respecto sobre la reclamación realizada."

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: o tramo da beirarrúa no que tivo lugar a caída, vai en sentido descendente, conta cunha varanda por un dos lados, pavimento en pedra rugosa que está en perfecto estado, o mesmo que as tapas de rexistro que, ademais, cumpren coa regulamentación vixente, non se aprecia ningún tipo de defecto que poida supoñer un perigo para o camiñar dos transeúntes, tal e como se aprecia nas fotografías que acompañan ao informe emitido pola enxeñeira municipal, que aínda que son tomadas uns meses despois da data da caída, dos informes emitidos pode afirmarse que o seu estado na data da caída era similar ao reflectido nas fotografías tomadas en xullo de 2018, xa que non se produciu ningún tipo de reparación durante ese tempo, tal e como asegura a enxeñeira municipal no seu informe.

Non basta, polo tanto, con que o reclamante afirme que esvarou nunha tapa de rexistro e que, tal e como despois asegura no seu escrito de alegacións, foi porque había "barrillo" sobre as tapas metálicas como consecuencia do po depositado nelas e da choiva fina, botándolle a culpa ao deficiente servizo de limpeza municipal ou á choiva, para apreciar a existencia da responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque non resulta demostrado a existencia do po acumulado nas tapas de rexistro e que iso fose a causa da caída, mais ben parece unha argumentación improvisada polo reclamante no seu escrito de alegacións para intentar contrarrestar o informe emitido polo departamento de obras públicas. E, en segundo lugar, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo na rúa, para o caso de existir, supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un





chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade uns dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezón e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

*Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitida na data 26/06/2019 pola técnico de administración xeral, María Sieira Ríos, en sentido desestimatorio, e visto o ditame adoptado polo Consello Consultivo de Galicia no expediente referente a **"Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por José María Gude Paz polos danos e perdas sufridos como consecuencia dunha caída ao esvarar nunha tapa metálica situada no tramo da beirarrúa que comunica a Praza de España coa Rúa de Galicia no Concello de Riveira"**, número CCG 267/2019, no que se conclúe que se informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria á que o presente expediente se refire, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:***

Primeiro.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José M^a Gude Paz polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

Segundo.- Comunicar ao Consello Consultivo de Galicia o acordo adoptado, de conformidade co artigo 45 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.





XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

DACIÓN DE CONTA DE RENUNCIA A SUBVENCIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado pola **Técnico de Desenvolvemento Local**, María Paz Vidal, de data 21/08/2019, relativo á renuncia das empresas que manifestaron a non aceptación de subvencións concedidas, e que a continuación se transcribe:

"MARÍA PAZ VIDAL, TÉCNICO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA

Vista a "Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume V", deste concello, que saíu publicada no BOP de data 25/04/2019.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira de data 11/07/2019, no que acorda:

"Conceder unha subvención as empresas que se inclúen na táboa que se recolle máis abaixo por importe de 1.500 euros a cada unha, para a contratación dun traballador a xornada completa por un período mínimo de tres meses.

CIF	EMPRESA	Nº CONTRATOS SOLICITADOS	SECTOR	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
B70278585	Xestión e aconsellamento integral do Barbanza, S.L.	1	Forestal	1.500€
B70545793	Madercrea NG Stilo, S.L.	1	Carpintería	1.500€

"

Dou conta á Xunta de Goberno Local que ambas empresas manifestaron a non aceptación da citada axuda.

Empresa Madercrea NG Stilo, S.L. (escrito presentado no rexistro do Concello de Riveira con núm. rexistro entrada: 11101) no que manifesta a non aceptación da citada axuda.

Empresa Xestión e aconsellamento integral do Barbanza, S.L. (núm. rexistro entrada: 11455) no que manifesta a non aceptación da citada axuda.

*En Riveira, á data da sinatura dixital.
María Paz Vidal"*





**RESOLUCIÓN RELATIVA ÁS SOLICITUDES DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN
(LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR, MATERIAL DIDÁCTICO E COMEDOR
ESCOLAR) -CURSO 2019/2020**

Vista a **proposta** presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/08/2019, na que solicita a aprobación de gasto segundo as bases reguladoras das axudas á escolarización para o curso académico 2019/2020.

Visto o informe presentado pola **Comisión de Valoración de Axudas á Escolarización 2019-2020**, de relación de gastos e listado de provisional beneficiarios das axudas á escolarización (Libros de texto, material escolar, material didáctico e axudas de comedor escolar) para o vindeiro curso 2019-2020, de data 21/08/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- a) Aprobar o gasto relativo ás axudas á escolarización para o curso académico 2019/2020, según o seguinte detalle:
 - Libros de texto, material escolar e material didáctico:
Orzamento: 4.000,00 €
Gasto: 2.400,00 €
 - Axudas de comedor escolar:
Orzamento: 26.000,00 €
Gasto: 26.882,00 €, se lle sumarían 882,00 € do orzamento de axuda de material escolar (Según o establecido nas bases de convocatoria)
- b) Aprobar o listado provisional de beneficiarios das axudas á escolarización (Libros de texto, material escolar, material didáctico e axudas de comedor escolar) para o vindeiro curso 2019-2020, según o contido do citado informe.
- c) Que se proceda á publicación do mesmo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e nas dependencias de Servizos Sociais.

CELEBRACIÓN “TENDAS Á RÚA” 24 DE AGOSTO NA PRAZA DO CONCELLO

Dase conta e lectura á Xunta de Goberno Local dunha proposta da Sra.concelleira de Cultura do seguinte tenor literal:

*“María Sampedro Fernández, Concelleira de Cultura do Concello de Riveira,
INFORMO:*

Celebración “Tendas á Rúa” 24 de agosto na praza do Concello





Recíbese petición de D. Francisco Manuel Martínez Gude, en representación da Asociación de Empresarios de Riveira, data de entrada 22 de agosto de 2019 (nº de solicitude 7916) no rexistro municipal, solicitando celebrar o evento "Tendas á Rúa" o día 24 de agosto na Praza do Concello, así como a autorización para realizar a carga e descarga da mercancia.

A Asociación de Empresarios de Riveira en colaboración co Concello, realiza con obxecto de dinamizar o comercio tradicional da nosa cidade a través do seu CCA VIAMARE, o evento "TENDAS Á RÚA". Con esta actividade intentamos acercar o comercio ao cidadán e centralizalo nunha mesma zona, convertendo a Praza do Concello nun centro comercial aberto por un día. Participarán establecementos adicados a diferentes sectores: moda, complementos, náutica, deportes, calzado, textil, entre outros.

Co desexo de apoiar ao pequeno comercio e impulsar a economía local, atender a petición e facilitar a execución deste proxecto.

PROPOÑO:

- *Autorizar a ocupación da Praza do Concello para a celebración do evento "Tendas á Rúa" o sábado 24 de agosto na Praza do Concello de Riveira en horario de 9:00 a 15:00h.*
- *Autorizar aparcadoiro para poder realizar a montaxe e desmontaxe así como a carga e descarga da mercancia.*

Por todo isto, SOLICITO

- *Acordo para celebrar "TENDAS Á RÚA" organizada e solicitada pola Asociación de Empresarios de Riveira en colaboración co Concello, o sábado 24 de agosto de 2019 e en consecuencia realizar as xestións para atender os asuntos detallados anteriormente.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do informe, a Xunta de Goberno, no uso das competencias conferidas pola Alcaldía a través de Resolución de 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros aprobala proposta transcrita quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

